



XUNTA DE GALICIA

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Anuncio

ACORDO do 11 de xullo do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Vilalba. (Expediente IN407A 2023/25-2)

Con data 11 de outubro de de 2024 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A, as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada "peche anel LMT 20 kV Muras_2 (SE_SETE_PONTES) con LMT 20 kV Tronceda (SE_SETE_PONTES) CT Bodán (CD_6620)-CT Palleiro (CD_10422) ", no concello de Vilalba.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Vilalba deducida da que se someteu a información pública no diario EL Progreso de 18 de outubro de 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 23 de outubro de 2024, para que comparezan o día **1 de outubro de 2025 no concello de Vilalba** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Vilalba estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 11 de xullo de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº finca	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
24	25	1426	Vilar da Raña	Monte alto Prado	María Remedios Pérez López	01.10.2025	10:00
43	25	902	Porto da Loba	Monte alto Prado	José Castro Cinza	01.10.2025	10:00

47	25	885	Porto da Loba	Prado	Moisés Rouco Pérez	01.10.2025	10:00
55	25	1495	Grazan	Monte alto	Heredero De Dositeo Yáñez Cillero, representante Ángel Yáñez Villares	01.10.2025	11:00
58	25	874	Grazan	Monte alto	Irene Villares Paz	01.10.2025	11:00
62	25	290	Rodas	Monte alto	María del Pilar Díaz Castro	01.10.2025	11:00
65	25	288	Rodas	Monte alto Prado	Herederos de Antonio Fernando Yáñez Fraga	01.10.2025	12:00
68	25	1469	Palleiro	Monte alto Prado	Herederos de Dositeo Yáñez Cillero, representante Ángel Yáñez Villares	01.10.2025	12:00
72	25	171	Reguengo	Monte alto Prado	Irene Villares Paz	01.10.2025	11:00
73	25	172	Reguengo	Prado	Eugenia Rego Villares	01.10.2025	12:00
74	24	244	Boaro	Prado	José Pico Gonzalez	01.10.2025	12:00

R. 2168

Anuncio

ACORDO do 16 de xullo do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 2023/091-2)

Con data 4 de marzo de 2024 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción.

Con data de 26 de febreiro de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se declara a utilidade pública, en concreto, a efectos da urxente ocupación, da instalación eléctrica denominada: "Soterramiento de la LAT 20 KV Tablicia en el entorno del CT 9170 Arieiras", no concello de Lugo .

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 56 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Lugo deducida da que se someteu a información pública no diario EL Progreso de 5 de novembro do 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 5 de novembro de 2025, para que comparezan o día **8 de outubro de 2025 no concello de Lugo** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Lugo estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando

os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 16 de xullo de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

“Soterramiento de la LAT 20 KV Tablicia en el entorno del CT 9170 Arieiras”, no concello de Lugo

Expediente IN407A 2023/091-2)

Nº finca	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
2	103	16	Aira do Fran	Monte Baixo	Hrdos de Francisco Prado Luaces Antonio Prado Sardiña	08.10.2025	10:00

R. 2186

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO ANO 2025

Por acordo da Comisión Executiva do Consorcio de data 24 de xullo de 2025, aprobouse a Oferta de Emprego Público do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento co seguinte contido:

“Analizadas as necesidades de recursos humanos do Consorcio Provincial de Lugo e resultando que nos Cadros de persoal funcionario e laboral desta Entidade e na Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente, aprobados xunto co Orzamento para o ano 2025, existen as prazas vacantes que seguidamente se relacionan e os postos de traballo que se corresponden coas citadas prazas.

Resultando tamén que as prazas e postos a que deixamos feito referencia están dotados orzamentariamente.

Non existe reserva de praza para persoas con discapacidade, en aplicación da porcentaxe esixida polo art. 59 do EBEP.

Resultando que, en cumprimento do establecido nos artigos 36.3 e 37.1 I) do EBEP, someteuse á Mesa Xeral de Negociación Común (persoal funcionario e persoal laboral) do Consorcio, en sesión celebrada o día 24 de xullo do 2025, a aprobación dos criterios xerais desta Oferta de Emprego para o ano 2025.

Tendo en conta que os criterios e contido da Oferta de Emprego Público do Consorcio, correspondente ao ano 2025, sometidos a negociación foron os seguintes:

1º.- Criterios que rexerán na OEP:

A OEP do Consorcio conterà as prazas de persoal de novo ingreso (quenda libre)

Consecuencia do sinalado anteriormente, os procesos selectivos realizaranse nunha sola quenda: Quenda libre na que poderán participar todos os que reúnan os requisitos xerais para o acceso ao emprego público.

Os postos correspondentes a esta praza están vinculados ós sectores ou ámbitos de actuación seguintes: Persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.

Tendo o acordo unánime da Mesa Xeral de Negociación, no sentido de que con carácter xeral o sistema selectivo que rexerá nos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego será o de concurso-oposición. Para dar cumprimento a este acordo, adoptaranse as medidas necesarias para que as bases das correspondentes convocatorias se adecúen ás peculiaridades deste sistema selectivo, con respecto ao determinado nos principios contidos na norma antes citada, no Estatuto Básico do Empregado Público e na normativa que regula o acceso á función pública que resulte de aplicación.

No non expresado nos puntos anteriores, a Administración rexerase polas normas en vigor e polos criterios que considere máis axeitados dentro das súas potestades de planificación, programación e auto-organización.

2º. Contido da OEP do CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO para o ano 2025:

Réxime Xurídico Administrativo:

I. PRAZAS DE BOMBEIRO CONDUCTOR. QUENDA LIBRE. ACCESO CONCURSO-OPOSICION

PRAZA	Nº VACANTES	GRUPO	POSTO	ESCALA SUBESCALA
<i>Bombeiro- condutor</i>	<i>37</i>	<i>IV</i>	<i>Bombeiro -condutor</i>	<i>Corpo especial</i>

Grupo: C, Subgrupo C2 Escala: Administración Especial Subescala: Servizos Especiais. Categoría: bombeiro-condutor. (Asimilado).

*Polo anteriormente exposto, **PROPONSE** á Comisión Executiva a adopción do seguinte acordo:*

- Aprobar a Oferta de Emprego Público do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra Incendios e Salvamento para o ano 2025, e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia."*

O que se fai público en cumprimento do determinado no art. 70.2 do RDL 5/2010, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, con indicación de que a presente Resolución é definitiva, polo que contra esta os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Comisión Executiva, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a citada publicación, na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que se poda interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 24 de xullo de 2025.- O Secretario-Interventor, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2164

CONCELLOS**LOURENZÁ***Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 24/07/2025, o Orzamento Municipal para o exercicio económico do ano 2025, o Cadro do persoal funcionario e laboral, as Bases de Execución e toda a documentación anexa incorporada o expediente, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles – que empezará a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-, con fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinar o expediente e formular ante o Pleno as reclamacións que se consideren pertinentes.

Lourenzá, 28 de xullo de 2025.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2187

MONDOÑEDO*Anuncio*

Rendida a Conta Xeral para o exercicio 2024 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o día 28 de xullo do 2025, a mesma, xunto co ditame e documentos que a xustifican, expónse ao público na Secretaría-Intervención municipal, polo prazo de 15 días hábiles que computaranse a partires do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito máis os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais.

Mondoñedo, 28 de xullo de 2025.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 2188

AS NOGAIS*Anuncio*

Mediante resolución de Alcaldía nº 2025-0230, do 28 de xullo de 2025, ampliouse en 2 días hábiles adicionais o prazo previsto polo artigo 5 das bases de selección e contratación de persoal laboral temporal e formación de bolsas de emprego para os postos de xefe de brigada e de condutor de vehículo motobomba, ao abeiro do convenio de colaboración subscrito coa Consellería de Medio Rural e o Concello de As Nogais para a prevención e defensa contra os incendios forestais, coas seguintes características:

Duración do Contrato: tres meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos dous días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 8.30 a 14.30 horas, de luns a venres e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na sede electrónica do Concello (<https://concelloasnogais.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de edictos do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

As Nogais, 28 de xullo de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2189

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

Polo presente faise público que polo Sr. Alcalde-presidente do Concello de Ribeira de Piquín se ditou a Resolución da Alcaldía núm. 2025/208, de data 24 de xullo, co seguinte tenor literal:

“DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 2025/208:

En Ribeira de Piquín, a 24 de xullo de 2025.

Asunto: *Delegación para autorización de matrimonio civil.*

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

Vista a Lei 35/1994, de 23 de decembro, de modificación do Código Civil en materia de autorización do matrimonio civil polos alcaldes, e que modifica, entre outros, o artigo 51 do Código Civil, que di: “Será competente para autorizar o matrimonio: 1º. O Xuíz encargado do Rexistro Civil e o Alcalde do municipio donde se celebre o matrimonio ou concelleiro en quen este delegue.”; así como o artigo 57 do mesmo texto legal, que reza: “O matrimonio deberá celebrarse ante o Xuíz, Alcalde ou funcionario correspondente ao domicilio de calquera dos contraíntes e dous testigo maiores de idade. A prestación do consentimento poderá tamén realizarse, por delegación do instructor do expediente, ben a petición dos contraíntes ou ben de oficio, ante Xuíz, Alcalde ou funcionario doutra poboación distinta.”

Visto o Oficio remitido pola Oficina Xeral do Rexistro Civil de Lugo, polo que se comunica a finalización con resolución positiva do expediente tramitado ao efecto para a celebración do matrimonio de D. Cristian López Busto, con DNI núm. 34.286.344Z e Dña. Andrea Ferreiro López, con DNI núm. 33.546.886Y.

De conformidade co artigo 21.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Delegar no Sr. Concelleiro D. Antonio Gómez Gómez a autorización do matrimonio de D. Cristian López Busto, con DNI núm. 34.286.344Z e Dña. Andrea Ferreiro López, con DNI núm. 33.546.886Y, que se celebrará o día 26 de xullo de 2025, ás 13:00 horas, no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Ribeira de Piquín, por petición expresa dos cónxuxes.*

SEGUNDO.- *Ordear a publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do concello e no Boletín Oficial da Provincia, así como comunicalo ao Sr. Concelleiro delegado e aos cónxuxes.*

TERCEIRO.- *Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre.”*

Ribeira de Piquín, 24 de xullo de 2025.- O alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 2165

SAMOS*Anuncio*

Finalizado o prazo de exposición ó público da Modificación da Ordenanza fiscal nº 32 reguladora do prezo público pola prestación do servizo de vivendas comunitarias I e II da 3ª idade de Samos, aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello, mediante acordo adoptado en sesión ordinaria de 06/06/2025 (BOP de Lugo núm. 135 do 14/06/2025), sen que se formulasen alegacións, dito acordo queda elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo. De conformidade co disposto no art. 17.4 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, procédese á publicación íntegra do texto e do artigo obxecto de modificación:

“6.3.- A cuantificación do prezo mensual do SERVIZO fíxase en. 655,14 euros.”

De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Ordenanza Fiscal coas modificacións introducidas entrarán en vigor e aplicaranse o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a ordenanza fiscal poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da dita xurisdición.

Samos, 30 de xullo de 2025.- A Alcaldesa, María Jesús López López.

R. 2211

Anuncio

Finalizado o prazo de exposición ó público da Modificación da **Ordenanza fiscal nº 33 reguladora do prezo público pola prestación do servizo de apartamento tutelado para persoas con discapacidade de Samos**, aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello, mediante acordo adoptado en sesión ordinaria de 06/06/2025 (BOP de Lugo núm. 135 do 14/06/2025), sen que se formulasen alegacións, dito acordo queda elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo. De conformidade co disposto no art. 17.4 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, procédese á publicación íntegra do texto e do artigo obxecto de modificación:

“6.3.- A cuantificación do prezo mensual do SERVIZO fíxase en. 655,14 euros.”

De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Ordenanza Fiscal coas modificacións introducidas entrarán en vigor e aplicaranse o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a ordenanza fiscal poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da dita xurisdición.

Samos, 30 de xullo de 2025.- A Alcaldesa, María Jesús López López.

R. 2212

Anuncio

Finalizado o prazo de exposición ó público da Modificación da **Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización das instalacións deportivas municipais de Samos**, aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello, mediante acordo adoptado en sesión ordinaria de 06/06/2025 (BOP de Lugo núm. 135 do 14/06/2025), sen que se formulasen alegacións, dito acordo queda elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo. De conformidade co disposto no art. 17.4 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, procédese á publicación íntegra do texto e do artigo obxecto de modificación:

“-ARTIGO SEXTO: COTA TRIBUTARIA

Utilización das piscinas municipais descubertas.

a) Adultos 1,50 euros.

b) Xóves e nenos (ata 18 anos): 1,00 euros

c) Abonos mensuais:

- Adultos: 15,00 euros.

- Xóves (ata 18 anos): 10,00 euros.

- Familiar (ata 3 compoñentes): 30,00 euros.

- Familiar (máis de 3 compoñentes): 36,00 euros/mensual.

(...)”

De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Ordenanza Fiscal coas modificacións introducidas entrarán en vigor e aplicaranse o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a ordenanza fiscal poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da dita xurisdición.

Samos, 30 de xullo de 2025.- A Alcaldesa, María Jesús López López.

R. 2113

Anuncio

Finalizado o prazo de exposición ó público da Modificación da **Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo do S.A.F. (Servizo de axuda no fogar) no Concello de Samos**, aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello, mediante acordo adoptado en sesión ordinaria de 06/06/2025 (BOP de Lugo núm. 135 do 14/06/2025), sen que se formulasen alegacións, dito acordo queda elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo. De conformidade co disposto no art. 17.4 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, procédese á publicación íntegra do texto e do artigo obxecto de modificación:

“Artigo 4º.- CONTÍA DO PREZO PÚBLICO”

(...)

b) Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.”

(...)

3 “... O custo por hora do servizo, que ven determinado polos gastos derivados da contratación de persoal necesario para a súa prestación, fíxase na cantidade de 17,24 euros/hora.”

De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Ordenanza Fiscal coas modificacións introducidas entrarán en vigor e aplicaranse o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a ordenanza fiscal poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da dita xurisdición.

Samos, 30 de xullo de 2025.- A Alcaldesa, María Jesús López López.

R. 2214

TABOADA

Anuncio

RETIFICACIÓN DE ERROS RELATIVA Á CONVOCATORIA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA TÉCNICO/A ADMINISTRATIVO/A POLO PROCEDEMENTO DE PROMOCIÓN INTERNA, E POR SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2025 ACORDADA NA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 24 DE XULLO DE 2025

Logo de ver a Resolución da alcaldía de data 24 de xullo de 2025 de corrección de erro material de feito ou aritmético que corrixe a Resolución da alcaldía de data 21 de xullo de 2025 e visto o anuncio do Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 169 de data 24 de xullo de 2025

Procedese a corrección do erro material indicando que:

ONDE DI:

Data: 28.07.2025.

DEBE DICIR:

Data: 27.08.2025

Taboada, 24 de xullo de 2025.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 2166

VIVEIRO*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de xullo de 2025, o Orzamento Xeral do Concello de Viveiro para o ano 2025, así como a plantilla de persoal, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo.

Viveiro, 24 de xullo de 2025.- A Alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 2167

FUNDACIÓN TERREO*Anuncio*

A Asamblea de Patronos da Fundación municipal "TerrEo", en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2025, aprobou a modificación do acordo regulador dos prezos públicos polas actividades económicas da Fundación municipal "TerrEo", cuxo texto faise público para os efectos de xeral coñecemento.

Ribeira de Piquín, 28 de xullo de 2025.- O Presidente, D. Roberto Fernández Rico.

"Aprobar a fixación dos prezos públicos pola venta de combustible (Gasóleo A, gasóleo B e gasolina) nas instalacións da gasolinera de Barcia, e incluílos no artigo 4º do acordo regulador dos prezos públicos pola realización das actividades económicas da Fundación municipal "TerrEo", quedando establecidas as seguintes tarifas e polos seguintes produtos:

PRODUCTOS:

GASÓLEO A
GASÓLEO B
GASOLINA 95

O prezo por litro de cada un dos tipos de combustible, incluído o imposto sobre o valor engadido (IVE), estará determinado polo importe resultante de aplicar o prezo medio do histórico de prezos publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico no seguinte enlace web: <https://energia.serviciosmin.gob.es/shpCarburantes/vista/shp.aspx> , referido ao prezo medio por libro de cada carburante para a provincia de Lugo na data do día anterior ao día da venta, descontando a cada un dos prezos medios dos carburantes a cantidade de cinco (5) céntimos de euro por cada libro de carburante.

Os prezos dos distintos tipos de carburantes actualizaranse diariamente e estarán expostos ao público nas instalacións da gasolinera de Barcia.

Para a consulta do prezo medio dos carburantes no histórico de prezos publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico utilizaranse os seguintes prezos medios asociados aos distintos carburantes:

Carburante	Prezos medios asociados
GASÓLEO A	Prezo medio do gasóleo A habitual
GASÓLEO B	Prezo medio do gasóleo B
GASOLINA 95	Prezo medio da gasolina 95 E5

O pago pola compra do gasóleo B realizarase únicamente a través de tarxeta ou cheque de gasóleo bonificado, que serán expedidos pola entidade bancaria correspondente."

R. 2190